

## 7. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - ROSEIRA DO TEU MENCER II

M

oscas, mosquitos, avésporas e tabáns voan ao noso redor amolándonos e furándonos; formigas incansables asaltan as nosas despensas e gurgullan as nosas plantas.

A couza devora os nosos mobles e o caruncho rilla as nosas roupas. A cascuda apaña no noso lixo e moitos outros bichocos parasitan os nosos animais domésticos e a nós mesmos: piollos, pulgas...



As bolboretas préstannos a súa beleza para un intre de acougo e as abellas fornécennos mel para coller forzas.

Forman unha lexión tan nutrida que se calculan uns 20 millóns... por cada ser humano!

As bolboretas son os insectos máis engaiolantes e dos poucos que aceptamos sen repugnancia. As súas grandes ás, que as fan tan atractivas, sérvenlles, ademais de para voar, para atraer a parella, camuflarse ou escorrenatar os predadores.



Porén, a maior parte da vida destes insectos pasa en forma de eiruga, alimentándose arreo ata acadar o tamaño adecuado para se envolver nun casulo e efectuar a metamorfose que o converte en imago, insecto alado que, ás veces, só vive o tempo necesario para se aparear.

Podemos diferenciar entre bolboretas diúrnas, que posúen antenas con forma de maza, e pousan coas ás pechadas ou abertas cara a arriba, e bolboretas nocturnas ou avelaíñas, que adoitan amosar grosas antenas e pousan coas ás deitadas sobre o corpo.

Aínda que semellan fráxiles e de voo vacilante, algunhas especies, coma a dos cardos, son quen de voar máis de 1.000 km! desde o norte ao sur de Europa ou África. Outras visítannos mesmo desde Norteamérica e o leste de África.

